

MESA SECTORIAL DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS: 25 DE MAIO E 1 DE XUÑO.

Apróbanse as actas da sesións referidas unha vez feitas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS POR FORMACIÓN PARA O CURSO 2022/2023.

Desde ANPE Galicia consideramos que debe ampliarse a duración das licenzas e dos meses concedidos xa que non hai modificación no número de meses ofertados nas últimas convocatorias. O curso vindeiro imos a afrontar currículos novos e consideramos que, por ese motivo, para facilitar a elaboración de materiais acaídos deben ampliarse considerablemente a duración de todas as modalidades.

Botamos tamén en falta que se recolla o perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

Desde ANPE Galicia demandamos a restitución das licenzas retribuídas de curso completo e tamén das licenzas sen retribución cuxo custo é mínimo para a Administración.

En relación as licenzas grupais, desde ANPE Galicia consideramos que non pode haber ningún tipo de penalización pola participación de profesorado interino.

Na Disposición Adicional primeira consideramos que deben detallarse as accións formativas.

Debe mellorarse a redacción no relativo á Modalidade 1 que en anteriores convocatorias estaba mellor explicada.

Tamén debe revisarse a redacción completa do texto xa que hai continuas referencias á LOE pero, non obstante, non se mencionan os novos cambios introducidos pola LOMLOE no relativo á Formación Permanente do Profesorado.

En relación á modalidade 4 solicitamos a retirada do texto “preferentemente” xa que consideramos que no caso de materiais de FP hai unha grande escaseza de materiais en galego polo que deben solicitarse en dito idioma e non soamente de maneira preferente.

Demandamos unha redacción máis aclaratoria no artigo 3 no relativo ao profesorado en prácticas xa que non temos moi claro se se refire a profesorado en prácticas actual (que xa non estaría polo tanto en fase de prácticas) ou o do curso que ven. Tamén nos gustaría propoñer un prazo adicional para que o profesorado que aprobe as oposicións sen traballar previamente poida participar nesta convocatoria tendo en conta que a adxudicación de destinos este curso se vai a adiantar.

Solicitamos que o prazo máximo de presentación recollido no apartado 10.3 de dez días hábiles pase a como mínimo un mes.

Demandamos a eliminación da Disposición Adicional Primeira.

Para rematar, en relación ao baremo entendemos que o Proxecto de Traballo debería ser valorado como APTO ou NON APTO. No caso de que non se atenda esta petición consideramos que debería ter unha puntuación máxima de 10 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos.

A Administración valorará e estudará as propostas presentadas.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **Demandamos a retirada das Instrucións publicadas a semana pasada** xa que seguimos dubidando da legalidade do recollido nas mesmas. ANPE Galicia non vai permitir a celebración dun Claustro nas condicións recollidas en ditas instrucións.
- **É necesario abordar a redución da burocracia, a redución do horario lectivo do profesorado e a redución das rateos.** Somos a única Comunidade do Estado que non está negociando ningunha mellora nas condicións de traballo do profesorado.
- **Deben recuperarse os contratos de verán para os interinos e substitutos que traballen máis de 5,5 meses** xa que ademais, tendo en conta os procesos de estabilización, o profesorado galego vese prexudicado dobremente con respecto a outro profesorado xa que perde 20 meses de valoración en 10 anos.
- **Debe mellorarse a cobertura de substitucións para o vindeiro curso.** Para iso debe aumentarse a dotación do persoal na Administración central para que se poidan facer os chamamentos en tempo e forma e evitar os momentos de caos que houbo no curso actual.
- Debe afrontarse tamén, coa nova Dirección, un modelo diferente de Calendario Escolar para negociar de cara a futuros cursos académicos.
- ANPE Galicia alerta sobre a situación das listas nas que se permitiu acceder sen o requisito do Máster. A Administración xa abriu listas novas onde xa volvía a ser requisito (pese a non estar declarado oficialmente o fin da pandemia) co cal están convivindo dous sistemas diferentes o que vai a xerar problemas xurídicos. Cremos que é necesaria unha reunión específica da Comisión de Seguimento do Acordo de Interinos para abordar esta situación.
- **Insistimos en que debe darse flexibilidade na prórroga do mantemento dos libros de texto tendo en conta que nin sequera están publicados os novos currículos.**
- Demandamos coñecer o mapa da Formación Profesional en Galicia e o establecemento dunha Rede de Orientación.
- Demandamos información sobre a situación dos novos ROC.
- Demandamos tamén información sobre a situación do Plan Dixital e do profesorado que está participando.
- Solicitamos información da situación dos sexenios e trienios do persoal que tivo recoñecidas as vacacións non gozadas.
- **Demandamos a restitución da orde de reintegros por asistencia a actividades de formación e a actualización da indemnización de desprazamento por razóns de servizo.**
- Demandamos que se fagan canto antes, probas da aplicación para a elaboración das programacións.
- **ANPE Galicia demanda que no CADP os funcionarios de carreira dos CMUS teñan preferencia para todas as prazas nos conservatorios superiores por diante do colectivo interino que figura en listas sen cumprir os requisitos que o propio xuíz declarou imprescindibles.**

ANPE Contigo. Docentes coma ti!